



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA AS “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO”. EXPTE. 26298/332.

h) Recurso de reposición interposto por ROCÍO GARRIDO CABALLERO

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 24/11/2022 a Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022.

3.- O 26/12/2022 dona Rocío Garrido Caballero interpón recurso de reposición (doc 220338941) contra o acordo da XGL sobre aprobación das Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 06:51	Páxina 1 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ACAD4H-E9358B-853A89-EZQF6R-UQV7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, que manifesta o seguinte:

- Que a dicente forma parte dunha familia empadroada no Concello de Vigo con fillos escolarizados nun centro privado-concertado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria sito no municipio de Nigrán.
- Que de acordo coas bases perséguese a protección económica das familias, pero condicionase a súa concesión a que os alumnos estean matriculados nun centro educativo sito “en el territorio de Vigo”.
- Considerase que limitar as axudas ao feito de que os alumnos estean matriculados en centros educativos que radiquen no termo municipal de Vigo vai en contra do obxecto e finalidade que se persegue con estas subvencións que non é outro que intentar paliar o impacto que para as familias viguesas se ten producido como consecuencia da crise económica que afecta a capacidade de compra das familias viguesas. O esixir que os alumnos estean matriculados en centros do termo municipal de Vigo impide a determinadas familias acceder a protección social e económica a que van dirixidas as axudas.
- Que non se pode vulnerar o principio de igualdade e que calquera discriminación ten que se xustificada.
- Que o exposto determina a nulidade de pleno dereito da resolución impugnada de conformidade co establecido no artigo 47.1 da Lei 39/2015.
- Que debe decretarse a resolución da suspensión da executividade da resolución impugnada por derivarse de esta prexuízos de difícil reparación para esa parte.

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base cuarta cales son os beneficiarios/as das axudas:

“Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.”

Así mesmo, entre o requisitos esixidos a base quinta establece: *“a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo.”*

- Sobre o termo municipal: Atendendo ao disposto no artigo 12 da Lei 7/1985 Reguladoras das Bases do Réxime Local, e no artigo 1 de Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, o concello exerce as súas competencias no territorio que abarca o seu termo municipal.

Para o outorgamento dunha subvención polo concello, este ten que ser competente por razón da materia e tamén do territorio. No presente caso tratándose de axudas vinculadas a determinados estudos (educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial) a conexión có termo municipal prodúcese tendo en conta que os centros educativos se localicen no termo municipal de Vigo, ten que existir unha vinculación territorial do centro de estudos co Concello de Vigo. Cúmrese deste xeito a competencia municipal por razón do territorio.

- Inexistente vulneración do principio de igualdade: Nas bases reguladoras de axudas vinculadas aos estudos concedidas por concellos xeralmente establécense como requisitos por un lado o de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 06:51	Páxina 2 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ACAD4H-E9358B-853A89-EZQF6R-UQV7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

estar empadroado no termo municipal e, por outro, estar matriculado nun centro educativo sito no termo municipal de concello convocante das axudas.

Nas bases obxecto de recurso elimínase o requisito do empadramento e isto é precisamente atendendo ao principio de igualdade, de xeito que o alumnado que asiste a un determinado centro escolar teña dereito as mesmas axudas en canto estas teñen carácter social.

Esta cuestión sobre o requisito do empadramento respecto de axudas ao estudo foi resolta pola sentenza de 27 de xullo de 2018 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Oviedo (Rec.121/2018) confirmada por sentenza de 29 de outubro de 2018 do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias (rec. 1/2018). A referida sentenza sinala *“Debemos partir, por tanto de los derechos fundamentales cuya tutela se pretende y que conforme al escrito de interposición del recurso son el principio de igualdad y derecho a la no discriminación que se contiene en el art 14 CE.*

En el presente caso ello se centra en el requisito de estar empadronado en el Ayto. de Oviedo para poder acceder a las ayudas así establecidas para subvención de comedor escolar. La base correspondiente reguladora de la convocatoria contiene un doble requisito consistente en que los niños estén matriculados en un colegio del municipio de Oviedo y, junto a ello, que estén inscritos en el padrón municipal de habitantes del Ayuntamiento de Oviedo. Es este el punto objeto de discordia ya que, a juicio de la parte, el requisito esencial sería únicamente el de estar matriculado en un colegio del municipio de Oviedo pero no el estar empadronado en este mismo Ayuntamiento, lo que considera discriminatorio.

A este respecto es sabido que cuando se trata de invocación del principio de igualdad se debe establecer un determinado término de comparación y en este caso ese término de comparación giraría en torno a un elemento común (en ambos casos se trataría de niños que asisten a colegios de educación situados en el municipio de Oviedo) y un elemento diferencial que sería el que en un caso (quien recibe las ayudas) está empadronado en Oviedo mientras que en el segundo caso (quien no puede concurrir a las mismas) estaría empadronado en otro municipio. La cuestión que aquí se presenta por tanto es si dicho elemento diferencial constituye una justificación objetiva y razonable para ese trato diferenciado y, sobre este particular, aun reconociendo que la cuestión efectivamente puede estar sujeta a interpretaciones en uno y otro sentido, se considera que no da soporte suficiente para ese trato diferenciado valorando para ello, en primer lugar, que el sentido y finalidad de las ayudas es el de que los niños que acuden a los centros escolares del municipio dispongan de unas ayudas para poder hacer frente a los gastos de comedor escolar, otorgando un determinado porcentaje de ayuda en relación al precio del menú siendo así que dicha situación de necesidad del menor (y de su familia) tanto se produce esté empadronado en este municipio o no y el elemento de conexión con el término municipal ya se ve cumplido en la medida que la ayuda va dirigida precisamente a los niños que asisten a un mismo comedor y estén sentados en la misma mesa y, teniendo una misma situación económica familiar o incluso alguno de ellos más desfavorecido, uno disponga de ayudas para el comedor escolar por la sola circunstancia de residir en este municipio y no el otro, aun cuando su situación económica fuera incluso de peor condición.”

Este mesmo argumentario é o recollido na sentenza de 10 de xaneiro de 2020 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 4 de Oviedo (Rec.304/2019) que resolve un recurso interposto contra resolución da xunta de goberno local do concello de Oviedo de becas en comedores escolares e de axudas ao estudo.

O principio de igualdade esixe que iguais supostos de feito teñan iguais consecuencias xurídicas. Neste sentido debemos seguir a doutrina marcada polo Tribunal Constitucional que establece que *este principio que se invoca - igualdad- no implica en todos los casos un tratamiento legal igual con abstracción de cualquier elemento diferenciador de relevancia jurídica, pues no toda desigualdad de trato normativo respecto a la regulación de una determinada materia supone una infracción del mandato contenido en el art. 14 CE, sino tan sólo las que introduzcan una diferencia entre situaciones que puedan considerarse iguales, sin que se ofrezca y posea una justificación objetiva y razonable para ello. El principio de igualdad exige, así, que a iguales*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 06:51	Páxina 3 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ACAD4H-E9358B-853A89-EZQF6R-UQV7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas y, por tanto, veda la utilización de elementos de diferenciación que quepa calificar de arbitrarios o carentes de una justificación razonable. En suma, lo que prohíbe el principio de igualdad son las desigualdades que resulten artificiosas o injustificadas por no venir fundadas en criterios objetivos y razonables, de valor generalmente aceptado. También es necesario, para que sea constitucionalmente lícita la diferencia de trato, que las consecuencias jurídicas que se deriven de tal distinción sean proporcionadas a la finalidad perseguida, de suerte que se eviten resultados excesivamente gravosos o desmedidos. En resumen, el principio de igualdad no sólo exige que la diferencia de trato resulte objetivamente justificada, sino también que supere un juicio de proporcionalidad sobre la relación existente entre la medida adoptada, el resultado producido y la finalidad pretendida (entre outras, SSTC 22/1981; 39/2002; 103/2002 y 104/2004).

Neste caso pártese de situación diferentes, subvencionase ao alumnado matriculado nun centro escolar en Vigo, en tanto que a parte recorrente pretende que se subvencione ao alumnado empadroado en Vigo. O elemento diferenciador destas situación é o territorio onde estuda o alumnado, este elemento no é inxustificado se non que resulta da aplicación dun mandato legal cal é o exercicio das competencias no territorio do municipio.

Atendendo ao principio de igualdade o Concello de Vigo tendo en conta o carácter das axudas trata de igual modo aos nenos/as que acoden ao mesmo centro escolar e as súas familias. En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Alzar a suspensión producida pola non resolución en prazo do recurso conforme ao artigo 117.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, por canto non se causan prexuízos de imposible ou difícil reparación para a parte recorrente ao tratarse dunha cuestión meramente económica e de escasa contía.

Segundo.- Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona Rocío Garrido Caballero contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de novembro de 2022 polo que se aproban as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio .

Terceiro.- Notificar as persoas interesadas o presente acordo, informándolle/s que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 06:51	Páxina 4 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ACAD4H-E9358B-853A89-EZQF6R-UQV7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 06:51	Páxina 5 de 5
SUBVENCIONS	CSV: ACAD4H-E9358B-853A89-EZQF6R-UQV7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		